

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º PARCIAL, 1ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

Ten en conta o seguinte antes de empezar a facer a proba:

- Le as preguntas con atención.
- Tanto a mala presentación como as faltas de ortografía descontarán puntuación, polo tanto, intenta escribir con letra clara e de maneira curiosa. Repasa ao finalizar o exame para evitar erros por non fixarte.

1. Coloca o acento gráfico sempre que sexa necesario. Fíxate nas palabras diacríticas. Descontarase puntuación non só por non acentuar as palabras que corresponda ou por acentualas de maneira incorrecta, senón tamén por acentuar erroneamente outras. 1.5 PUNTOS.

- Hai que por mellor cara cando te mande ir por unha bola de pan.
- Poderías describirme como e o Museo do Comic?
- Dalle o que che pide.
- Quen e a xefa desa seccion? Compre falarmos con ela o mais de presa posible.
- A se de Compostela e un monumento que compre visitar unha vez na vida.
- As polas do veciño estan durmindo nas polas da miña arbore.
- Ves quen ven por ai? Porque eu so vexo unhas sombras fora.

2. Identifica os prefixos que se atopan nestas palabras e despois indica o valor que teñen. 1 PUNTO.

- impaciente:
- intramuscular:
- retrotraer:
- submarino:
- prehistoria:

3. Identifica os sufixos que se atopan nestas palabras e despois fai a súa clasificación completa. 1 PUNTO.

- alumnado:
- amiguiño:
- preguiceiro:
- florería:
- patadón:

4. Clasifica as seguintes palabras en simples, derivadas, compostas e parasintéticas. 1.5 PUNTOS.

- culleres:
- extraescolar:
- aterrar:
- infelizmente:
- portavultos
- alocado:
- xabarís:
- compravenda:
- impresionar:
- encarcerar:

5. Responde as seguintes cuestións sobre historia da lingua e a literatura medieval. 2 PUNTOS.

a) En que século nace o galego-portugués? Onde o podemos localizar xeograficamente?

b) Indica o nome dos subxéneros da cantiga de amigo.

c) Con que nome se coñece e en que época se desenvolve o período en que a cidade de Santiago medra económica e culturalmente?

6. Le a seguinte cantiga medieval e resolve as cuestións que aparecen a continuación. 1 PUNTO.

Levous'a louçana, levous'a velida,
vai lavar cabelos, na fontana fría.

Leda dos amores, dos amores leda.

a) Indica cal é o refrán desta cantiga.

Levous'a velida, levous'a louçana,
vai lavar cabelos, na fría fontana.

Leda dos amores, dos amores leda.

b) Sinala adecuadamente o leixaprén, se o hai.

c) A que fai referencia a simboloxía subliñada no texto?

Vai lavar cabelos, na fontana fría,
Passou seu amigo, que lhi ben quería.
Leda dos amores, dos amores leda.

Vai lavar cabelos, na fría fontana,
passa seu amigo, que a muit'amaba.
Leda dos amores, dos amores leda.

Passa seu amigo, que lhi ben quería,
o cervo do monte enturbiaba a auga.
Leda dos amores, dos amores leda.

Passa seu amigo, que a muit'amava,
O cervo do monte enturbiaba a auga.
Leda dos amores, dos amores leda.

7. Describe o panorama lingüístico e cultural do período trobadoresco (1200-1350). 2 PUNTOS.